

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 16 DE MARZO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da totalidade da estrada autonómica AC- 194 dende o p.q. 0+000 ao p.q. 1+250 , a prol do Concello de Vilasantar.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convoca para o ano 2017 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, por un importe total de catrocentos mil euros (400.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo de adhesión ao compartimento Facidade financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas correspondente ao primeiro e segundo trimestre de 2017 creado polo Real decreto Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e de adopción de medidas complementarias.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración asinado o 19 de xullo de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), para a incorporación de auxiliares de conversa para o curso 2017/2018, por un importe total de douscentos setenta e oito mil douscentos oitenta euros (278.280,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), por un orzamento de licitación, IVE incluído, de sesenta e tres millóns cento sesenta e nove mil cento oitenta e cinco euros con oitenta e nove céntimos (63.169.185,89 €) e un valor estimado, IVE excluído, de cento cincuenta e catro millóns novecentos oitenta e seis mil trescentos oitenta euros con sesenta e seis céntimos (154.986.380,66 €), expediente de contratación nº 01/2017 SXT.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o balance e planificación de control de verteduras ao dominio público na Demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo sobre o Plan de formación do emprego no naval.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio do procedemento de acceso á É-Saúde por terceiras persoas distintas da interesada (acceso delegado).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde de eficiencia enerxética en acuicultura.

A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE VILASANTAR A ESTRADA AC-194, TRAS A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 233.000 EUROS

- *Trátase dun tramo de 1.250 metros de lonxitude resultante dunha modificación do trazado da estrada Betanzos/Agolada (AC-840), que se inicia no punto quilométrico 27+080 desta e finaliza no 28+620*
- *A Xunta acometeu actuacións nesta vía que consistiron na construción de beirarrúas pola marxe dereita e dúas zonas de aparcadoiro no centro da travesía de Vilasantar, así como accións para garantir a drenaxe en todos os tramos*
- *Ao remate destas actuacións, o municipio coruñés, tal e como se recolle no convenio asinado, asume a titularidade desta estrada, polo que será o responsable da súa conservación e mantemento*
- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*

O Consello da Xunta autoriza o cambio de titularidade da totalidade da estrada autonómica AC-194, dende o p.q. 0+000 ao 1+250, a prol do Concello de Vilasantar.

A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilasantar asinaron en decembro de 2015 un convenio de colaboración polo que a Xunta se comprometía a executar obras para a mellora da AC-194 mentres que o concello aceptaría, unha vez rematada a actuación.

Trátase dun tramo de 1.250 metros de lonxitude resultante dunha modificación do trazado da AC-840 (Betanzos- Agolada) que se inicia no punto quilométrico 27+080 desta e finaliza no 28+620. As obras, que requiriron dun investimento da Administración autonómica próximo aos 233.000 euros, finalizáronse en outubro de 2016 e foron recibidas o 7 de febreiro de 2017.

A Xunta actuou nesta estrada, entre o cemiterio e a entrada á travesía de Vilasantar, executando beirarrúas pola marxe dereita da vía; e construíu dúas zonas de aparcadoiro no centro da travesía de Vilasantar, no contorno dos puntos quilométricos 0+820 e 0+870 da estrada. Ademais, acometéronse as obras necesarias para garantir a drenaxe axeitada de todos os tramos, executando cunetas ou colocando unha canalización para recollida de pluviais, segundo a necesidade de cada tramo.

Nas seguintes fotografías amósanse as melloras que se levaron a cabo nesta estrada autonómica.




Cambio de titularidade

Ao remate destas actuacións, o municipio coruñés, tal e como se recolle no convenio asinado, asume a titularidade desta estrada en toda a súa lonxitude (1,25 km), polo que será o responsable da súa conservación e mantemento.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes. Con esta transferencia, o Concello de Vilasantar poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.



A XUNTA DUPLICA O ORZAMENTO DESTINADO ÁS AXUDAS PERIÓDICAS PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria destas axudas, que garanten que o prazo de solicitude estea aberto todo o ano*
- *Inclúe por primeira vez ás mulleres vítimas de trata, sendo ademais a nosa comunidade, a primeira a nivel estatal en incluílas*
- *As axudas tentan garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso*
- *O ano pasado un total de 324 mulleres foron perceptoras destas axudas, que varían entre os 300 e 800 euros ao mes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe aprobar a convocatoria das axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, e que garantirán que o prazo de solicitude estea aberto durante todo o ano. O orzamento para o período 2017-2018 ascende a máis de catro millóns de euros, o que supón case duplicar a contía da convocatoria anterior.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de 12 mensualidades. O importe das axudas varía entre 300 e 800 euros/mes, en función dos ingresos da beneficiaria, e dos fillos/as menores e menores en acollida ao seu cargo, e de circunstancias de discapacidade. Cabe destacar que, por primeira vez, as axudas están destinadas tamén ás mulleres vítimas de trata, sendo a nosa comunidade a primeira a nivel estatal en incluílas.

A convocatoria tenta garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero e ás mulleres vítimas de trata unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que mantivese sobre elas unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

Os requisitos para optar a estas axudas son ser muller maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia; ter cesado a convivencia co agresor dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude; estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia; percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente; non ter percibido esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero con anterioridade

Perfil das beneficiarias do ano pasado

O pasado ano 324 mulleres vítimas de violencia residentes en Galicia percibiron esta modalidade de axudas. Delas, un 82 por cento eran de nacionalidade española e o restante estranxeiras.

Por provincias, A Coruña e Pontevedra encabezan a listaxe con 139 e 126 perceptoras e axudas respectivamente en cada provincia, seguida de Ourense con 30, e Lugo, con 29. O perfil de idade maioritario é o de mulleres no rango de 26 a 45 anos, que representa o 57 por cento do total. Hai 131 beneficiarias que son nais e 32 teñen algunha discapacidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***O orzamento ao que poderán optar as ONGD ascende este ano a 400.000 euros, un 23 por cento máis que en 2016***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria de axudas para a execución por parte das ONGD de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Esta orde de axudas, que se convoca anualmente desde 1996, contará nesta convocatoria cun orzamento total de 400.000 euros -que se distribuirán entre 2017 e 2018), o que supón un 23% máis que en 2016.

A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre impulsar, especialmente tendo en conta que a maior parte das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD) galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

Mais en concreto, serán subvencionables as actividades que desenvolvan as ONGD relacionadas coa sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; a formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; a investigación sobre o desenvolvemento; e a incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na sociedade.

As entidades poderán beneficiarse dunha subvención de 35.000 € no caso de que executen proxectos plurianuais de xeito individual. Para proxectos individuais que se executen só durante o ano 2017 a subvención máxima concedida será de 25.000 €. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación, a subvención concedida poderá acadar os 45.000 €, mentres que se son anuais a subvención máxima concedida será de 35.000 €.

Esta convocatoria enmárcase no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, aprobado no Parlamento de Galicia en 2014; así como no Plan anual 2017, autorizado o mes pasado polo Consello da Xunta. Así, establecíase como obxectivo levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global, e apoiar a formación e capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

A XUNTA AFORRARÁ 112,5 MILLÓNS AO BENEFICIARSE ESTE ANO DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA COMUNIDADES QUE CUMPREN O DÉFICIT

- *O Consello da Xunta aproba o acordo de adhesión a este fondo*
- *Este mecanismo beneficia exclusivamente a Galicia e Canarias, por seren as únicas que cumpriron o déficit*
- *Galicia recibe financiamento a custo 0 e sen pagar comisións nin gastos adicionais*
- *En global, a Administración galega poderá acceder neste 2017 a un importe máximo de 2.145 millóns de euros, a meirande parte para amortizacións*
- *Galicia é a comunidade de referencia no control do seu endebedamento e a que menos elevou o seu volume de débeda dende finais de 2008*

Santiago, 15 de marzo de 2016.- A Xunta de Galicia aforrará 112,5 millóns de euros en xuros da débeda ao beneficiarse neste ano 2017 do Fondo de facilidade financeira, o mecanismo de financiamento reservado pola Administración do Estado para aquelas comunidades autónomas que cumpren os obxectivos de déficit. É por isto que neste momento só dúas comunidades (Galicia e Canarias) poden adherirse a este fondo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de adhesión ao Fondo de facilidade financeira correspondente ao primeiro e segundo trimestre de 2017, o que supón o acceso a un financiamento de 1.191 millóns de euros. Con posterioridade, o Goberno galego completará a adhesión correspondente ao terceiro e cuarto trimestre do ano, unha vez que a Administración do Estado aprrobe este mecanismo para o resto do exercicio.

Galicia pechou o exercicio 2016 cun déficit provisional do 0,58%, por debaixo do límite do 0,7% fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para todas as comunidades autónomas. Grazas a cumprir obxectivo de estabilidade orzamentaria, a Xunta pode acceder a un financiamento en condicións moi vantaxosas, xa que recibe este financiamento a custo 0 e sen pagar ningún tipo de comisión nin gastos adicionais.

A Administración galega poderá acceder neste 2017 a un importe máximo de 2.145 millóns de euros, cun tipo de xuro do 0% ata 2020. O prazo da operación é de dez anos e a meirande parte deste importe destinarase a amortizacións de débeda. Tal como establece a normativa estatal, a Xunta terá dereito en todo momento a amortizar anticipadamente o préstamo e resolver a operación sen ningún tipo de custo adicional.

Ademais, grazas ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que conseguiu manter durante todos os últimos anos a súa autonomía financeira, o que lle permitiu tomar as súas propias decisións e manter o seu autogoberno.

Galicia cumpre os requisitos

O Ministerio de Facenda esixe ás comunidades autónomas dous requisitos principais para poder acceder ao Fondo de Facilidade Financeira, que ofrece unha condicións de financiamento máis vantaxosas que os mercados financeiros.

O primeiro requisito é cumprir os obxectivos de déficit e de débeda do ano anterior, algo que Galicia fixo en 2015 e fará en 2016, unha vez que o Ministerio de Facenda publique os datos de cumprimento dos obxectivos de déficit e débeda das comunidades autónomas. De feito, Galicia mantense como a comunidade de referencia neste eido e a que menos recorreu ao endebedamento dende finais de 2008.

O segundo requisito é cumprir o prazo máximo de pago aos provedores, algo que Galicia tamén está a cumprir con normalidade. Así, o período medio de pago na Xunta baixou en 2016 aos 21 días, o que confirma que Galicia seguiu pagando aos seus provedores con máis axilidade e mellor que a media autonómica.

EDUCACIÓN DUPLICA O NÚMERO DE AUXILIARES DE ALTO PERFIL ACADÉMICO EN INGLÉS

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio coa Comisión Fulbright, a través da cal 24 estadounidenses prestarán servizo nos centros de ensino galegos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria porá á disposición dos centros educativos galegos un total de 24 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico no curso 2017/18. Deste xeito, dúplícase o número destas persoas que prestan servizo nos IES galegos, o que contribúe ao fomento das vocacións STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñarías e informática), así como á competitividade futura do alumnado nestes eidos, nos cales o dominio da lingua inglesa é fundamental.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á renovación do acordo coa Comisión Fulbright de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América a través do que estes colaboradores chegan ao noso sistema educativo, e ao abeiro do cal a Consellería achegará máis de 213.000 euros a esta finalidade, o dobre que no curso 2016/17.

A propia Comisión farase cargo do proceso de preparación e difusión da convocatoria e da preselección dos auxiliares de conversa, segundo os criterios de obxectividade, calidade e independencia que rexen os seus programas; e encargarse do seguimento do programa e da xestión do aboamento das compensacións mensuais ás persoas bolseiras, así como da organización dos seminarios de orientación e seminario de seguimento e evolución que se realiza para todas as persoas bolseiras Fulbright estadounidenses en España.

Plan de potenciación das linguas estranxeiras

Desta forma o Goberno galego cumpre o seu compromiso de continuar implementando e estendendo as diferentes accións do Plan de potenciación das linguas estranxeiras, do cal se benefician este curso preto de 100.000 alumnos e alumnas galegos. Non en balde, a Rede Galega de Centros Plurilingües está conformada xa por 283 centros, ademais de estar autorizadas 3.914 seccións bilingües.

Para prestar apoio nestas redes, o sistema educativo galego conta este curso cun total de 504 auxiliares de conversa de diferentes idiomas o que supón un incremento do 11% con respecto ao curso anterior e que mantén a Galicia como a segunda CCAA en ratio de auxiliares por alumno.

A XUNTA AFORROU XA 16 MILLÓNS DE EUROS COA CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DE ELECTRICIDADE A TRAVÉS DE REDEXGA

- *A Rede de enerxía da Administración autonómica conta con 1.655 centros de consumo eléctricos adheridos, nos cales se diminuírá o gasto en 3 millóns de euros máis nos próximos catro anos coa nova licitación aprobada hoxe*
- *O Inega achega aos membros da Rede asesoramento enerxético co obxectivo de optimizar os principais parámetros de facturación*
- *Tamén se compra de forma centralizada o gas natural para 126 instalacións, e o gasóleo C para 281 puntos de consumo*
- *A medida forma parte da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico 2015-2020*

A Xunta aforrou xa 16 millóns de euros coa contratación centralizada de enerxía eléctrica a través da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) e, para seguir avanzando neste eido, a Consellería de Economía, Emprego e Industria poñerá en marcha un novo contrato do cal se beneficiarán un total de 1.655 centros de consumo pertencentes aos distintos departamentos autonómicos.

A licitación aprobada hoxe polo Consello da Xunta terá unha duración inicial de dous anos, desde outubro de 2017, coa posibilidade dunha prórroga por outros dous, e ao longo da súa vixencia poderán incorporarse novas instalacións autonómicas que non estean adheridas. Nestes momentos, a Redexga conta con 379 puntos de subministración de electricidade adheridos máis que cando se puxo en marcha en 2013 o anterior contrato, co que en outubro se levarán aforrados 16 millóns de euros. Nos próximos catro anos prevese aforrar outros 3 millóns de euros.

A Redexga tamén desenvolveu contratacións para o gas natural, do que hoxe se benefician un total de 126 centros da Xunta, reducindo o gasto en máis de 7 millóns de euros entre setembro de 2015 e decembro de 2017; e o gasóleo C, cun total de 281 centros de consumo, e un aforro de máis de 300.000 euros ata outubro de 2020.

En total, entre todos estes contratos o aforro estimado é de máis de 23 millóns de euros ao longo da súa duración, aos que se engade un contrato recente para a subministración eléctrica de Sogama, que polas súas características técnicas precisa unha contratación exclusiva, e que aforrará 3,7 millóns de euros en electricidade ata febreiro de 2021.

A través do Inega, a Rede de Enerxía da Xunta de Galicia proporciona ademais aos centros adheridos asesoramento enerxético co obxectivo de optimizar os principais parámetros da facturación, un asesoramento que se fai extensible ao conxunto das administracións públicas galegas que o precisen.

Deste xeito, o Goberno galego, na súa aposta pola eficiencia enerxética, segue a desenvolver a Redexga consolidándoa como un sistema pioneiro de xestión enerxética. A actuación enmárcase dentro da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico 2015-2020, e que ten como obxectivos, entre outros, diminuír nun 20% os consumos enerxéticos da propia Administración.

MEDIO AMBIENTE DESTINA EN 2017 CASE DOUS MILLÓNS DE EUROS AOS LABORES DE INSPECCIÓN DO PLAN DE CONTROL DE VERTEDURAS

- *Augas de Galicia potenciará as inspeccións xunto cos responsables municipais para trasladar un maior coñecemento do problema e executar mellores solucións para a súa emenda definitiva*
- *Unha das novidades deste ano será a campaña de inspección específica na contorna das explotacións mineiras, para mellorar a calidade das augas que se incorporan ao dominio hidráulico*
- *Ao longo do pasado ano, Augas de Galicia efectuou máis de 2.500 inspeccións por vertedura*
- *No período 2007-2016 Augas de Galicia inventariou uns 7.700 puntos de vertedura ao dominio público hidráulico, dos cales un 16% se consideran contaminantes*
- *Nestes anos, o Plan de control de verteduras emendou 2.300 puntos de vertedura, polo que un 75% das achegas inventariadas foron corrixidas ou cumprían os límites de vertido*


A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destinará ao longo de 2017 case dous millóns de euros aos labores de inspección do Plan de control de verteduras. Así se recolle no Informe sobre o balance e planificación de control de verteduras ao dominio público na Demarcación hidrográfica Galicia-Costa, presentado ante o Consello da Xunta na súa reunión semanal.

O Plan de control de verteduras é unha ferramenta con que conta Augas de Galicia para acadar o obxectivo de mellorar a calidade das augas galegas, cos medios con que conta a Administración hidráulica de Galicia e optimizando as súas funcións de inspección e control das verteduras ao dominio público hidráulico e desde terra ao litoral galego (especialmente ás rías de Galicia).

Neste exercicio, Augas de Galicia apostará por impulsar as inspeccións conxuntas cos responsables municipais e ir diminuindo as inspeccións rutineiras (realizadas de xeito unilateral por Augas de Galicia), xa que nas inspeccións conxuntas os técnicos municipais adquiren coñecemento do problema de forma directa, o que redonda nunha forma de traballar moito máis eficaz e cuns resultados mellores, ao poder esbozar as posibles solucións aos problemas de achegas.

Tal e como se recolle neste documento, desde a posta en marcha do Plan de control de verteduras, en 2007, ata o ano 2016 en Galicia realizáronse case 20.000 inspeccións en total, e destaca o feito de que exercicio a exercicio se incrementa o

número de inspeccións realizadas cos responsables municipais. Na gráfica pode observarse a súa evolución na última década:



Traballo para o 2017

A Consellería de Medio Ambiente, ademais das visitas e inspeccións para o control e seguimento das verteduras, este ano tamén realizará unha campaña específica para inspeccionar a contorna das explotacións mineiras, por estar ligada ao dominio público e polo uso da auga no seu proceso produtivo e por como teñen que devolvela posteriormente. A incorporación desas augas ao dominio público ten que producirse unhas condicións axeitadas, para non alterar a calidade das masas de auga.

Nese sentido, en 2017 a través do Plan de control de verteduras levaranse a cabo inspeccións de seguimento da calidade das augas da súa contorna, comprobando a posible afección e asesorando na adopción das medidas necesarias para que a incidencia sexa a menor posible, comprobando que as instalacións de procesos de depuración complexos funcionen axeitadamente.

Tamén se manterán campañas de control de verteduras residuais industriais e, especialmente, naquelas instalacións que posúen algunha vertedura de augas residuais industriais contaminante e inspeccións das redes fluviais de todos os concellos pertencentes á Demarcación hidrográfica Galicia/Costa, e xunto cos técnicos municipais perseguirase o obxectivo de inspeccionar máis de 4.200 puntos de vertedura.

Esta actuación complementarase coa campaña de control de verteduras procedentes das depuradoras, sobre todo nas 161 instalacións de máis de 2.000 habitantes que audita Augas de Galicia, ao mesmo tempo que se procederá a inspeccións de estacións de depuradoras residuais de entre 250 e 2.000 habitantes.

Outro dos ámbitos en que se centrarán as campañas serán as verteduras de titularidade non municipal e redes fluviais, con distinta periodicidade en función das características da vertedura, tipo de sistema de depuración e medio a que verte.

Balance do plan de control de verteduras

Ao amparo do Plan de control de verteduras, en 2016 Augas de Galicia efectuou máis de 2.500 inspeccións. Estes traballos son desenvolvidos por un equipo multidisciplinar, formado por licenciados en bioloxía, químicas, enxeñaría de camiños, gardas fluviais e outro persoal técnico e de campo, que entre as súas funcións destacan a de localizar puntos de vertedura e avaliar a súa importancia, controlar o cumprimento dos límites de vertedura, xestionar as alertas por vertedura ao dominio público, asesorar os titulares das verteduras na súa correcta xestión ou colaborar cos titulares das distintas administracións na emenda das verteduras

Tamén son os encargados de identificar zonas potencialmente sensibles, definir novos condicionantes para as autorizacións de verteduras, fomentar a concienciación social, realizar plans de recuperación de zonas danadas, desenvolver estudos concretos e implantar redes de control.

O inventario de puntos de vertedura, tanto no dominio público hidráulico como no dominio público marítimo terrestre dende 2007 ata 2016 ascende a 7.737 puntos de vertedura. Deste total, considéranse contaminantes 1.255 (un 16%), mentres que 697 están en proceso de investigación, case 3.500 cumpren os límites de vertedura ou non presentan vertedura (3.462) e un total de 2.323 son verteduras emendadas por Augas de Galicia, é dicir, un 75% das achegas foron corrixidas ou cumprían os límites de vertedura. En relación cos datos sobre a situación das rías, existen 307 verteduras contaminantes, 95 con indicios de contaminación –fronte aos 115 de 2015- e 773 foron emendados ou cumpren os límites, mentres que no anterior exercicio se contabilizaban 707 puntos.

Cómpre lembrar que na Comunidade galega a Lei 9/2010, de augas de Galicia, establece un marco normativo que protexe ambientalmente o medio natural galego, cun réxime sancionador máis estrito que na normativa anterior e cuns obxectivos de calidade que se deben de cumprir nas augas das rías galegas. Posteriormente, os regulamentos de desenvolvemento da Lei de Augas, especialmente o Regulamento marco da prestación dos servizos de saneamento e depuración, veñen completar a normativa en control das verteduras, algo imprescindible para responder a unha

sociedade cada vez máis esixente e para alcanzar o obxectivo dunha boa calidade das augas.

A XUNTA INVISTE 12 MILLÓNS DE EUROS EN FORMACIÓN ESPECIALIZADA PARA 3.000 TRABALLADORES DO SECTOR NAVAL GALEGO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará durante os próximos dous anos a formación dirixida a desempregados e ocupados cunha oferta de 170 cursos que se definirán en función das necesidades do propio sector*
- *O Plan de formación no naval multiplica por cinco o número de cursos e o investimento desenvolvidos durante 2015 e 2016*
- *A cualificación para persoas desempregadas levarase a cabo en centros públicos e entidades homologadas pola Xunta*
- *Ofreceráse formación á carta para as empresas do naval a través de 20 unidades formativas*
- *Impartirase aos profesionais cualificación específica en novas tecnoloxías vinculadas coa Industria 4.0 a través de organismos intermedios*
- *A iniciativa tamén inclúe a modernización do centro de FP Ocupacional de Ferrol e do Centro Integrado de FP de Vigo co obxecto de renovar os talleres de soldadura, tubaxe ou mecanizado*
- *Esta actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego con que a Xunta está a ofrecer unha formación que dea resposta ás necesidades reais das empresas*
- *O sector creou en Galicia máis de 1.000 empregos durante o último ano*

A Xunta pon en marcha o Plan de formación no naval, no cal investirá 12 millóns de euros entre 2017 e 2018 e que está dirixido a 3.000 profesionais co obxectivo de que este sector conte con traballadores mellor preparados. Este primeiro plan sectorial de formación especializada en Galicia suporá a realización de 170 cursos para persoas tanto desempregadas como ocupadas. Esta actuación inclúe, ademais, a modernización de centros formativos en Vigo e Ferrol.

Os obxectivos desta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, son atender as necesidades formativas do sector naval, facendo fincapé nas novas tecnoloxías vinculadas coa Industria 4.0; ao mesmo tempo que se dotan os centros dos equipamentos necesarios para impartir esta cualificación. O novo plan permitirá multiplicar por cinco tanto o investimento como os cursos realizados durante os dous anos anteriores (2015-2016) en materia de formación no naval.

A actuación inclúe formación específica para desempregados en soldadura, tubaxe e demais accións relacionadas co sector en centros públicos de Ferrol, A Coruña, Vigo, Valga, Cee, Fene e Bueu e entidades homologadas pola Administración autonómica. Nestas dúas liñas de actuación os alumnos e alumnas poderán optar ás bolsas da Xunta para facilitarlles a asistencia aos cursos, os apoios para financiar os gastos correspondentes ao transporte, manutención e para a conciliación da vida familiar.

Tamén para persoas sen emprego, haberá 20 unidades formativas nas empresas do naval. Os beneficiarios desta convocatoria de axudas son as firmas con máis de 50 traballadores, que poderán programar a formación máis específica e adaptada ás súas necesidades de produción. A Xunta financia o 100% da formación nas compañías. As firmas que superen esta porcentaxe poderán recibir incentivos á contratación que poden chegar aos 9.000 euros.

En global, para a formación para desempregados investiranse ao redor de 7,5 millóns de euros para poñer en marcha preto de 90 cursos e 20 unidades formativas para máis de 1.600 persoas.

Con respecto á formación para traballadores, as accións formativas desenvolveranse nos centros homologados pola Xunta e, ademais, impartirase cualificación a través de organismos intermedios en novos procesos industriais vinculados á Industria 4.0. O Goberno galego prevé especializar en dous anos ao redor de 1.300 profesionais do sector cun investimento de 3,5 millóns de euros e 80 cursos. As especialidades que se impartirán serán identificadas polo propio sector e os axentes sociais e económicos.

O último eixo desta iniciativa inclúe a modernización, cun investimento dun millón de euros, do Centro de FP Ocupacional de Ferrol e do Centro Integrado de FP de Vigo co obxecto de renovar os talleres de soldadura, tubaxe, mecanizado e electricidade, entre outros.

Do que se trata en xeral é de facilitar o acceso ao mercado laboral dos galegos e galegas e especializar os profesionais deste sector adecuando a formación á demanda real das empresas. O naval galego, co apoio da Xunta, está a recuperar a súa posición. Así, só no último ano, recuperáronse máis de 1.000 empregos; mentres que o paro descendeu case á metade, nun 44%, desde 2012.

A PLATAFORMA É-SAÚDE PERMITIRÁ O ACCESO DE TERCEIRAS PERSOAS AUTORIZADAS Á CARTEIRA DE SERVIZOS TELEMÁTICOS DO PACIENTE

- ***Calquera nai, pai, titor legal ou cuidador poderá solicitar desde hoxe o permiso no seu centro de saúde e estará dispoñible o acceso á información sanitaria personalizada a partir do 1 de abril***
- ***Máis de 17.000 persoas son usuarias desta plataforma que permite consultar e xestionar as súas citas, revisar a folla de tratamentos, informes de alta ou historial clínico, entre outras prestacións***

A Consellería de Sanidade e o Sergas poñen en marcha o acceso delegado á plataforma É-Saúde. É dicir, establece a posibilidade de que os pais, nais e titores, no caso dos menores de idade, ou os representantes legais ou persoas expresamente autorizadas polo paciente no caso dos nosos maiores, accedan no nome dos titulares aos servizos telemáticos personalizados que ofrece a plataforma É-Saúde. As solicitudes poderán realizarse a partir e hoxe e a información sanitaria poderá visualizarse na plataforma a partir do 1 de abril de 2017

Posibilita xestionar así de modo mais directo e áxil os procesos de saúde a través dunha terceira persoa autorizada para o efecto. Entre outros servizos, isto permitirá ter acceso aos mesmos informes médicos e información sanitaria que o titular do dereito como, por exemplo, os informes médicos de probas diagnósticas, as citas médicas ou os fármacos prescritos e pendentes de dispensación na oficina de farmacia. Ademais, desde esta data a Consellería de Sanidade tamén engadiu aos servizos dispoñibles o acceso aos informes do calendario de vacinación infantil.

O acceso aos servizos telemáticos facilitarase respecto dos menores de idade, nos cales por lóxica legal e operativa, son os pais, nais ou titores legais os responsables e os que realizan todas as xestións do proceso asistencial e cos cales os profesionais toman as decisións diagnósticas e terapéuticas. E así mesmo, respecto doutras persoas, nas que polas limitacións propias da idade, da enfermidade, polo descoñecemento das novas tecnoloxías ou outras circunstancias, son os cuidadores familiares ou profesionais os que os acompañan na toma de decisións asistenciais.

Calquera pai, nai, titor legal ou cuidador poderá solicitar o dito permiso no seu centro de saúde, xuntando o seu DNI ou pasaporte, así como libro de familia, partida de nacemento ou documento que acredite a tutela ou a patria potestade para o caso de menores, ou sentenza xudicial de incapacitación ou tutela legal no caso de persoas incapacitadas.

É requisito necesario que tanto o paciente como a terceira persoa autorizada e solicitante do dito acceso dispoñan da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Plataforma É-Saúde en marcha dende setembro

A plataforma dixital É-Saúde é unha ferramenta dirixida a pacientes e cidadáns que permite acceder a unha serie de servizos interactivos e contidos personalizados de saúde dende calquera dispositivo conectado á internet.

Actualmente, o número de usuarios desta Plataforma ascende a un total de 17.091 persoas.

É-Saúde posibilita a estas persoas consultar e xestionar as súas citas, revisar a súa folla de tratamentos, os informes de alta, informes de probas diagnósticas, entre outras prestacións directamente dende o seu móbil, ordenador ou tablet.

Tamén permite acceder á axenda de citas en atención primaria ou especializada actualizada, posibilitando completala con citas e eventos persoais de maneira que o paciente, dende o propio móbil, poida consultar cando ten que recoller unha receita na farmacia, ir a unha consulta médica, realizar unha proba diagnóstica ou facer as actividades de promoción da saúde que tivera programado.

A plataforma permite ademais o acceso a todos os cursos de formación da Escola Galega de Saúde para cidadáns e dos cursos desenvolvidos polas asociacións de pacientes.

Así mesmo, pode consultar servizos ou participar nas comunidades entre o seu persoal médico e de enfermaría e outros pacientes, e nas asociacións de pacientes que lle permitan contactar con outros doentes con que comparta dúbidas, recomendacións de hábitos de vida etc. E todo iso, coa garantía que ofrece o feito de que toda a información estea albergada no servidor do Servizo Galego de Saúde, coa conseguinte seguridade xurídica e tecnolóxica que iso supón.

MAR DESTINA 800.000 EUROS A BATEEIROS, CONFRARÍAS E ACUICULTORES PARA IMPULSAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA E O USO DE FONTES DE ENERXÍA RENOVABLES

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula estas axudas e a súa convocatoria para este ano, que sairá publicada mañá no Diario Oficial de Galicia*
- *Os bateiros, confrarías e as empresas acuícolas que teñan algunha concesión de acuicultura teñen un mes para solicitar as axudas dende o día seguinte á súa publicación no DOG*

Os bateiros, confrarías e as empresas acuícolas que teñan algunha concesión de acuicultura poderán beneficiarse de axudas por valor de 800.000 euros para investimentos que aumenten a eficiencia enerxética e fomenten o uso de fontes de enerxía renovables. O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula estas axudas e a súa convocatoria para este ano, que sairá publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia*.

Estas axudas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), poderán concederse para o aumento da produción ou para a modernización de empresas acuícolas existentes ou para a construción de novas empresas, coa condición de que o desenvolvemento sexa coherente co plan estratéxico nacional plurianual para o desenvolvemento da acuicultura.

A través delas poderase subvencionar ata o 50% dos investimentos que realicen as microempresas, pequenas ou medianas empresas –con menos de 250 empregados e cun volume de negocio anual igual ou inferior a 50 millóns de euros- e ata o 30% dos investimentos que realicen as grandes empresas.

Os bateiros, confrarías e xestores de empresas de acuicultura interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará mañá o DOG. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación.

Estas axudas súmanse ás convocadas o 22 de febreiro deste ano para investimentos que fomenten unha acuicultura sustentable dende o punto de vista ambiental. Destas achegas por valor de 8 millóns de euros tamén poden beneficiarse bateiros e confrarías e as empresas acuícolas que teñan algunha concesión de acuicultura.